

Un

Abdul levantaba do chan tres veces menos que o que medía a súa sombra. Colgado do seu chapeu vermello bulía entre as rúas estreitas ofrecéndolles postais cheas de vistas da catedral aos turistas que atopaba. Ese día levaba tamén unha lámpada de metal dourado que imitaba unha araña coas súas perniñas de cristal. Era un artefacto ben feo!

O pai de Abdul vendía polo xeral fermosas alfombras e complexos tapices traídos polos seus curmáns desde os teares familiares, obradoiros apiñados cara ao ceo nas rúas da cidade de Fez, aló en Marrocos; pero esa semana conseguira a un prezo moi baixo un lote de lámpadas que moitos anos despois cazarían po na esquina dun vello almacén. A tenda do pai de Abdul era escura e ampla, e nela medraban montañas de alfombras que gabeaban polas paredes enchendo o ar dun perfume seco e esponxoso. Estaba situada nos baixos da catedral, entrando pola Praza das Pratarías

e seguía ao longo da Rúa de Fonseca. Antes fora unha tenda de recordos rechamantes e por dúas veces un “todo a cen”.

Cando non tiña escola, Abdul gañaba uns cartos extra axudando ao pai e ao seu tío. Se non vendía ningunha postal (aínda que as ofrecía en varias linguas), metíase na catedral e percorría as súas naves imaxinándose perdido nun labirinto. O seu tío contállelle que as mesquitas pouco tiñan que ver cunha catedral, con cheiro a escuridade fría e húmida, con esquinas por todas as partes; non, nada diso, as mesquitas eran espazos inmensos rodeados de patios e fontes cantareiras, e só tiñan unha torre. Abdul sabía que nunca podería confundir unha igrexa cunha mesquita porque xa sabía contar, e as igrexas normalmente tiñan máis dunha torre. Sempre facía o mesmo percorrido, entraba por Pratarías e camiñaba cara á dereita até chegar á outra banda, pero o que máis medo lle daba era a figura do Apóstolo Santiago O Matamouros! montado no seu regordecho cabalo branco e esnaquizando un señor que imitaba moito a seu tío. Era unha imaxe horrorosa e pasaba coas mans na cara por diante daqueles ollos de madeira que reflectían a luz fuxidía e amarela dos cirios plantados como cogomelos brandos ao seu pé. Só cando se sentía máis valente abría dous dedos para botar unha ollada rápida, que enchía o seu miúdo ser de espanto, mentres unha corrente misteriosa lle subía desde os pés ao estómago e alí chispeaba quente e intensa.

Abdul non comprendía por que aquela figura que tanto medo lle daba seguía alí, é que ninguén se fixaba nela? E o susto que levou cando uns días despois de ver ao “Matamouros” por primeira vez o seu pai lle explicou o que era un mouro; e iso que el e a súa nai eran cristiáns!

Esa tarde o sol pinchaba as xentes que camiñaban entre as paredes de pedra gris e Abdul deixo levar polos seus pés até que, sen decatarse, se viu subindo as escaleiras do Museo do Pobo Galego e entrando no edificio. Abriu unha porta de cristal empurrando con todas as súas forzas. A porta resistíase cun peso que ao mesmo tempo era suave e constante. Un señor cos cabelos brancos deulle unha entrada cun número e Abdul camiñou por un longo corredor; pero nada máis entrar viu nunha urna de cristal unha morea de libros expostos. Un deles dicía: *As covas de mouros*.

Tres euros. Non levo. Que fago? Ai si! Si que teño, no peto pequeno, comprareino? Si, si, si. Suor fría nas mans. Non me vai chegar para o cómic deste mes. A cabeza tola de contento. Escaleiras de pedra. Carreira. A porta da casa. Ola! ola! ola! A cama feita. Suor fría.

Non lle chegaban os dous ollos para lelo todo. Xa! ás présas!

— Así que é iso: son covas onde os mouros agochaban os tesouros quedando alí pechadas fermosas rapazas que os gardarían para sempre.

Abdul despregou un mapa onde pequenas frechas vermellas sinalaban os lugares onde se podían atopar as covas. Repasou unha a unha as direccións das covas até atopar unha preto da súa cidade, case na mesma cidade, saíndo pola estrada de Pontevedra máis aló do Hotel Camiñante. Sabía que iría aló el só, así que esperou a que os días medrasen e unha mañá moi cedo meteu na mochila, sen que ninguén se decatase, unha botella de auga, un bocadillo de queixo e unha mazá “golden”.

— Vaia, case esquezo a lanterna. Terá pilas? Si que ten.

O camiño levoulle vinte minutos contados polo seu reloxo “Caxo”. Sen decatarse, na mochila viaxaba unha maquiniña de videoxogos “Nonentendo”, a mesma que lle regalara o seu tío polo aniversario.

Os coches facían ruído ao seu carón, e Abdul pegábase contra as paredes de cemento para que non o atropelasen. Baixou por un camiño enchoupaado de lama e meteuse por unha silveira. As plantas tiraban del e da súa roupa cara atrás cada vez que tentaba dar un paso máis. Non podía ver máis que silvas e máis do mesmo. Iso e un anaco de ceo azul sobre a súa cabeza. A emoción medraba nel e de súpeto...

O chan fíxose mol e un furado enguliuno rápida e silenciosamente. Tan rápido como abriu, o bura-

co pechou, e a luz do Sol desapareceu, deixándolle os ollos primeiro ás escuras e logo con chispiñas que saltaban e saltaban. Pouco a pouco acostumouse á nova claridade que saía do fondo da cova; camiñou ás apalpadas por un chan brando, de forma suave e lisa. Púxose de pé e comprobou que, aínda que o teito da cova non era moi alto, o seu pequeno tamaño lle permitía camiñar dereito cara á luceciña do fondo.

Avanzou e por fin chegou até alí. As mesmas paredes brillaban cunha luz branca e feble que o envolvía todo, até o mesmo Abdul.

— Ola neno! que fas por esta cova? Claro que vas facer o que fan todos buscar un tesouro e a min nin ola que á xente tanto lle ten que un sexa un can ou un gato todos o mesmo sen contemplacións e un a mirar para as paredes que si home que xa o sei que non lle importa a ninguén o que un pense.

Unha voz rouca falou por toda a cova, falarían as paredes? Non podía ser. Abdul buscou con ollos medio pechados o dono daquelas palabras sen xeito.

— Ei ti!

Alí estaba, no chan xunto aos seus pés. Que é iso? Pel grosa e chea de pequenas burbullas, ollos grandes e vivos, dourados, beizos finos e longos, cabeza pequena e pés e mans longas con longos dedos, cabelo longo e enguedellado.

— Un demo, tes que ser un demo –dixo Abdul.

— Non parvo non son iso.

— Un trasgo.

— Non!

— Un troll.

— Non!

— Un fauno.

— Non!

— Un nomo.

— Non!

— Tan pouco viviches no mundo que non sabes o que son?

— UN SAPO!

Era o primeiro sapo de cabelos longos que Abdul vira na vida, nin sequera sabía que existían.

— Pero eu coidaba que na cova vivía unha mouroa fermosa.

— Acaso eu non son fermoso? pois saberás que as ras e as pínegas atopábanme irresistible aínda que daquela non tiña cabelos.

Abdul ficou abraiado e mesmo mareado; o ar era denso, húmido, e a cabeza dáballes voltas. Sentou en fronte do estraño ser e respirou fondamente. O sapo falaba sen parar e as súas verbas atropelábanse unhas coas outras antes de saír da súa grande boca.



— Como vexo que andas algo atordado voute poñer ao día xa sabes que estás nunha cova de mouros e supoño que tamén saberás o do tesouro pero seguro que non sabes nada máis que quen son eu? pois non son o gardián nin a princesa moura son un sapo galego un bufo como me chamaban os meus paisanos levo catrocentos anos nesta cova nin durmo nin velo nin como nin... nin salto nin quedo nin falo nin calo aínda que agora falo contigo porque claro tanto tempo sen falar xa era moito a cova son eu e eu son a cova somos un e agora contigo dous.

Abdul escoitaba atento as explicacións do sapo e este sabéndose escoitado continuou falando excitado:

— Buf! case súa se non fose porque os bufos non temos poros na pel ben como dicía por cada día que pases aquí nacerache un cabelo eu levo catrocentos anos así que teño cento corenta e seis mil cabelos.

Abdul pensou que el agora tería un cabelo demais.

— É un efecto secundario pero estes cabelos teñen a facultade de quitarte a fame e o cansazo polas substancias máxicas que absorben da cova claro que iso non che interesa a ti o tesouro o tesouro é o que conta que máis ten a miña historia pois nada meu se queres o tesouro terás que conseguilo xa sabes as probas os obxectos a viaxe o de sempre

non me digas que nunca escoitaches historias de buscas e probas de valor que parvo é este rapaz.

— Para aí bufo, que eu non teño nada de parvo. Claro que escoitei o das probas e a busca de obxectos e todo iso pero...

— Pero moscas! nada nada que non sabes o que che queda primeiro tes que seguir o túnel luminoso e pronto saberás os obxectos que tes que perder e ...

— Perder? que queres dicir? será atopar!

— Non parvo non parvo dixeren ben perder perder PERDER e xa que o sabes todo veña!

Abdul viu como o sapo se facía branco e logo amarelo, axiña só os seus grandes ollos dourados se distinguían do chan, de pronto comezou a choutar a choutar e gabear polas paredes, até que pechou os ollos e entón xa nada del quedou á vista. O neno camiñou a través da cova, a través da florescencia que logo comezaba a pegarse á pel e cabelos de Abdul. A humidade do ar desapareceu, e agora unha cámara de lousa negra e lisa aparecía ante el, como o interior dunha grande mesquita negra e baleira, grande como un campo de fútbol e alta, moi alta. No fondo da sala, unha porta en forma de pataca frita esperaba que alguén a abrise. Abdul camiñou pola cámara cara á estraña porta, e os seus pasos resoaron metálicos e mollados, como se o chan, seco como o deserto, tivese auga.

CLOSH, CLAP, CLOPS...

Retumbaban os pasos nas paredes lisas e tamén cheas de cortes e fendas, de superficies escuras e frías. Avanzaba a bo paso, e cando xa atravesaba a parte final da cámara e o frío o enchía de medo, alzou os ollos e atopou unhas letras que falaban grandes e negras sobre a porta do fondo. As letras eran como aquelas que vira na tumba de Castelao, no Panteón de Galegos Ilustres, só que estas eran moito máis grandes e as palabras estaban escritas do revés, de xeito que o que as lese tería que facelo de dereita a esquerda, ao xeito dos mouros.

RASAP SEREUQ ATROP ATSE
ROP SE RAXIED SÁRTA EUQ
SAÍRET AX ASUOC AHNUGLA

Abdul leu as palabras e espantouse só de pensar en non poder pasar pola porta, mirou atrás e ante os seus ollos contemplou de novo a enorme cámara de lousa que daba arrepiós só de ver o chea de baleiro que estaba.

— Que? non queres pasar?

Abdul pensou que o bufo guedelludo lle falaba de novo, pero agora era unha voz feminina chian-te e incómoda, como a das portas que necesitan aceite nas xuntas.

— Son eu! a porta, a que esperas! pasa xa, ábreme e péchame. Encántame o movemento, é só un momento pero cheo de movemento.

Abdul díxolle á porta que lle gustaría pasar pero non podería facelo porque non deixara nada atrás.

— Como que non? estás seguro de que non deixaches atrás nada? Eu non cho podoo dicir, pero xa o vexo co ollo da miña pechadura.

A gorra vermella! Xa non estaba na súa cabeza!

Abdul empurrou a porta quen, nese intre, notando a sensación de movemento comezou a dicir:

— Un momento un movemento un momento un movemento un momento un movemento!

Pechou de novo a porta e ollou ao seu arredor. Semellaba unha fraga mesta chea de fieitos, carballedos, castiñeiros...

De súpeto o chan comezou a botar auga cara arriba, como se chovese do revés. Era imposible taparse daquela choiva tan estraña que o mollaba de abaixo arriba, así que gabeou por unha grosa pola de carballo e púxose sobre ela até que deixou de chover? Cando xa estaba a piques de descender ao chan, as cicatrices de madeira do vello carballo comezaron a moverse como se de auga se tratase, debuxando letras que formaron palabras e palabras, que formaron frases enchendo o ar dun son agradable de madeira en movemento. Abdul leu na cortiza da árbore e decatouse de que eran o resto das cousas que tiña que perder:

Para o tesouro poder ver, catro cousas terás que perder, a primeira xa a podes ignorar pois deixáchela atrás para até aquí chegar.

— A miña gorra! –pensou Abdul.

Así que só lle faltaban tres cousas por perder. Unha valiosa, outra querida e outra mercada.

Dous

Agora sentíase moi nervioso, un formigo acedo percorríalle o estómago; a cabeza pesaba máis do normal e sentía a caluga tesa. Aínda así tratou de darse folgos pensando en todo o que até ese intre lle acontecera, procurando en cada pequeno detalle unha pista para seguir o camiño. Ergueuse do chan e ollou cara ás árbores grandes e maxestosas, notou que non había ningún eucalipto entre elas, iso significaba que a fraga, estivese onde estivese, non fora pisada por ningún humano até entón, ou polo menos que a fraga continuaba virxe.

Por diante dos seus ollos, un pequeno camiño de terra clara e garabullos amarelos corría cara ao máis fondo da espesura. Como era o único carreiro que podía ver, comezou a pisalo, non moi convencido, e camiñou entre as vellas árbores que o acompañaban co murmurio de mil follas abanando co paso do vento. Non se escoitaban cantos de paxaros, só a fraga, a mesta silva.

O tempo pasaba e o camiño non paraba de correr diante del, sen deixarse coller polos pequenos pés que o percorrían.

De socate, o camiño fíxose máis ancho, a fraga abría os seus brazos para que Abdul contemplase mellor toda a súa beleza: os feitos medrando do mesmo chan con fillos de cabezas enroladas, as margaridas, os teixos, as violetas...

O silencio era tan grande nese intre, que por pouco non deixou a Abdul escoitar unha voz afastada, case que imaxinaria.

Abdul correu sentindo o corazón bater con forza contra o seu corpo, enchendo a cabeza e as pernas do sangue que rebulía por todo o seu interior.

Unha picada no peito. Dor pequena e aguda. Un punto.

— Teño que respirar a modo e fundamento.

Parar, suor baixando polo nariz, proéndolle os ollos escuros como a súa pel. Unha pedra. Quente. Buf!

Agora estaba sentado nunha pedra, escoitando a voz que viña do máis mesto do bosque. Era unha voz doce e dura ao tempo, a voz dunha muller nova; aínda que maior que o rapaz. Cantaba e cantaba cun subir e baixar de notas tan atraínte que calquera outro son que non fose ese resultaría horrendo nese mesmo momento.

O canto feminino engulía a vontade de Abdul quen xa camiñaba, cheo, envolto pola fantástica voz da rapaza. O camiño pareceulle desaparecer, e así era, pois agora o bosque pechábase de novo tras as costas do neno e a forza do Sol case non se atrevía a tocar o chan coa súa luz branca. Non soubo canto andara, pero escoitando o canto chegou até un prado circular nun claro da fraga. El contemplaba a escena furtivo na fronteira do bosque. No outro extremo do prado, un alto penedo comido polas hedras, que xa semellaban vellas polos talos grosos e leñosos, dividía en dous un camiño que seguía tamén en dúas direccións, fuxindo unha da outra para nunca máis atoparse.

Abdul decatouse de que o canto cesara, e nese intre, cando o seu pé dereito pisaba a herba verde, esmeralda e dura, as hedras da rocha fluíron, reptaron cara ao chan deixando ver a máis fermosa muller que até alí alguén vira. Ela sentou sen esforzo sobre a grande pedra de granito e o rapaz puido contemplala con detalle, e a muller puido contemplar o neno con curiosidade.

Os ollos de Abdul contábanlle ao seu cerebro que alí estaba unha rapaza duns vinte anos, de pel moura como a súa, de ollos escuros e grandes e de cabelos longos, da cor da noite. As súas roupas eran ricas, sedas finas e veludos, e toda ela estaba cuberta da cabeza aos pés de xoias con formas e cores imitando aos lirios, dentes de can, xacintos e outras plantas das carballeiras.

— É unha moza moi bonita, como a que coidaba atopar na cova gardando os seus tesouros para a eternidade; e eu atopei o sapo guedelludo! Nunca escoitara un canto como ese, nunca antes; nunha lingua estraña en parte para min, semella a lingua que meu pai e mais o meu tío falan entre eles, da que só consigo coller unhas cantas palabras. Só que esta é aínda máis doce, máis pura, como a dos homes que vagan polos desertos na procura dos seus destinos.

Óllame cos grandes ollos negros, debo parecerlle demasiada pouca cousa para ser o primeiro home que ve en... séculos!

Achegouse a ela sen medo e saudouna risoña. Que mal lle podería facer unha persoa así?

— Vaia, vaia, o que nos trae a fraga, xa comezaba a aborrecer o meu propio canto, cando foi a última vez que até min chegou un home? Hai ben tempo, polo menos douscentos trinta anos. Non é grande cousa, non me vai custar moito desfacerme del. Eu sorrío, sorrío rapaz, achégate a min, si, máis, deixa que a miña ollada escura como a morte te guíe cara a un dos camiños, o meu!

— Ola! son Abdul e veño a...

— Xa sei quen es ti rapaz, a fraga contoumo xa hai horas. Non temas, estou aquí para o teu servizo e ben. Ves que hai dous camiños ás miñas costas. Un deles levarate ao teu destino, mais o outro... o outro levarate á morte.

— Entón estou de sorte xa que ti que levas tantos anos nesta fraga saberás cal é o bo.

— Pois claro, parviolo, claro que o sei! Colle o da miña dereita e bule que o tempo che fai falla, as noites da fraga non son como os seus días.

Dito isto, a moura da pena fixo que a súa vontade fose máis forte que a das hedras, e estas cubrírona de novo até que a súa imaxe desapareceu fundida na rocha. Abdul, cheo de ledicia tomou o camiño da súa dereita, non se decatou de que a dereita da moura era a esquerda del, e así, sen sabelo, escolleu o camiño cara ao seu destino. Avanzou ás présas por unha senda que baixaba e subía sinuosa entre dentes de león e árbores baixas, cada vez afastábase máis do camiño da morte que o miraba con furia, rabia e con roupas vellas de home e ósos amarelos pendurando das ramas das árbores chiantes.